

Unha lección de cine

Concursante



Esta é a unidade didáctica sobre a película *Concursante*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado. Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades. Podedes enviar esas modificacións a

ofi.normalizacion@vigo.org

Concursante

Un filme de Rodrigo Cortés



Martín Circo Martín, profesor novo asociado de Historia Económica, convértese no gañador do maior premio xamais concedido na historia da televisión: máis de tres millóns de euros en premios de todo tipo. Non obstante rápido descobre que ser millonario é caro, e non ten os cartos para poder permitirse estes premios. Facenda reclámalle a metade das gañancias. Sen decatarse, Martín vese envolto nunha trampa sen saída, e tenta vender todos os premios gañados. Edmundo Figueroa, vello economista extravagante e disidente, pode ser a súa última oportunidade de fuxir.

Preguntas e debates sobre a película

Para respostar algunhas destas preguntas sería conveniente que o alumnado visitase a biblioteca e manexase algunha enciclopedia ou outros materiais de consulta cos que conte o centro e que asistise tamén á sala de ordenadores para facer buscas na rede guiadas polo profesor.

1. Presenta e analiza os personaxes principais e secundarios. Explica a relación que hai entre eles e os motivos que levan o protagonista a unha situación tan extrema.

2. O filme amosa unha historia pouco probable, produto da sorte do protagonista pero verosímil. Se fas un percorrido polas novas de economía dos xornais dos dous últimos anos, atoparás situacións semellantes. Empresas que pechan, situacións económicas delicadas nas familias, xente que gozaba dunha situación económica estable e dun traballo con ingresos suficientes, e que, por situacións que escapan ao seu control, se ve prisioneiras das débedas. Mesmo no día a día notamos unha certa sensación de pesimismo xeneralizada.

Debate: Que é unha crise? É unha situación beneficiosa ou prexudicial?

Que quererán expresar certos estudosos da economía cando indican que «**Un momento de crise pode ser tamén de oportunidade**»? É interesante saber que no idioma chinés «crise» e «oportunidade» comparten o mesmo ideograma.

3. Na película menciónase un prestixioso economista: John Maynard Keynes (1883-1946), o máis influínte na economía con posterioridade ao crack de 1929. Coñeces algo sobre este feito histórico?

4. Keynes dicía: «As decisións sobre o aforro tómanas os individuos en función dos seus ingresos mentres que as decisións de investimento as toman os empresarios en función das súas expectativas».

Debate: A que cres que se refire Keynes cos termos «aforro» e «investimento»?

5. Na película nárrese, en clave de humor negro, o relativamente fácil que é chegar a unha situación económica delicada, **pola tendencia do protagonista do filme a valorar os seus desexos por riba das súas necesidades.**

Se o traspasamos á realidade, en ocasións posuír o móbil último modelo considerámolo unha necesidade, esquecendo comer, vestir ou vivir baixo cuberto como necesidades esenciais. As cousas que desexamos poden facernos a vida máis fácil pero moitas veces cústanos diferenciar entre necesidades e desexos.

Debate: Que é un desexo e que é unha necesidade para ti? Pode ser que os teus desexos poidan ser necesidades para outra persoa e viceversa?

6. Debate: Que opinas do que se comenta no filme de que para vivir coma un rico e manter posesións de rico, hai que gastar coma un rico?

7. O maior problema de Martín Circo comeza cando, para afrontar os gastos mínimos necesarios para manter todo o seu novo patrimonio, pide un crédito ao banco avalado por ese mesmo patrimonio.

Debate: Cal cres que é o verdadeiro negocio dos bancos? Intenta explicar o que é un **crédito**, un **xuro**, un **aval** e unha **garantía**.

8. Con frecuencia afírmase que o diñeiro se crea coas débedas. En certa maneira Martín Circo explícallo aos seus alumnos da clase de economía, ao final da película.

Debate: Pensas que esta afirmación ten algún sentido? A que pode responder?

9. Risca a forma incorrecta nos seguintes pares de palabras.

Abogado	Avogado
Xustificante de recepción	Acuse de recibo
Achegar, xuntar	Adxuntar
Albará	Albarán
Aportación	Contribución
Custo	Coste
Contía	Cuantía
Cuota	Cota
Danos e prexuízos	Danos e perdas
Derogar	Derrogar
Desagregar	Desglosar
Financiamento	Financiación
Garantir	Garantizar
Incurrir	Incorrer

Intereses de demora	Xuros de mora
Investimento	Inversión
Invertir	Investir
IVE	IVA
Pagaré	Obriga de pagamento
Cadro de persoal	Plantilla
Querela	Querella
Revocar	Revogar
Sondeo	Sondaxe
Subsanar	Rectificar
Xulgado	Xuzgado